



## UNHA TESE DE DOUTORAMENTO DESTACA A IMPORTANCIA DOS ASPECTOS PSICOSOCIAIS NA SUPERVIVENCIA DOS PACIENTES CON CIRROSE HEPÁTICA

- *A especialista en dixestivo, Natalia García Morales, acaba de obter o doutoramento con sobresaliente cum laude por esta investigación*
- *O apoio social adecuado a estes pacientes asóciase a unha maior supervivencia, independentemente doutros factores clínicos, como a idade, a función hepática ou a presenza de hepatocarcinoma*

**Vigo, 10 marzo de 2023.** A especialista no Aparello Dixestivo do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, Natalia García Morales, acaba de obter o doutoramento con sobresaliente cum laude pola Universidade de Santiago de Compostela, pola súa tese sobre cirrose hepática.

O obxecto desta investigación era estudar o impacto do apoio social e outros factores psicosociais na supervivencia dos pacientes con cirrose hepática descompensada. Segundo afirma a doutora García Morales "a cirrose hepática descompensada é unha enfermidade con elevada morbilidad e no seu pronóstico inflúen diversos factores clínicos; sen embargo, os factores sociais non foron estudados neste contexto".



Para a súa investigación, a doutora Morales realizou un estudo multicéntrico con 127 pacientes, dos cales o 79,5% eran homes e cunha idade media de 60 anos. Entre as variables recollidas, tivéronse en conta datos epidemiolóxicos, clínicos e sociais (apoiado social e risco social). A etioloxía máis frecuente de cirrose foi o alcol (74,8%). Na valoración do apoio social detectouse que a maioría dos pacientes (92,2%) tiñan un apoio global adecuado. Porén, a supervivencia ao ano en pacientes con apoio social global inadecuado foi do 30%, fronte ao 73,5% dos que presentaban apoio adecuado, polo que, aínda que sexan unha minoría, os doentes con apoio social inadecuado deben ser identificados canto antes, para poder intervir e mellorar a súa previsión vital.

### Factores de risco

A cirrose hepática é unha enfermidade crónica de elevada morbilidad. A súa evolución natural consta, polo menos, de dúas fases ben definidas: cirrose



compensada e descompensada. A transición entre estas dúas fases aparece cando o paciente desenvolve complicacións como ascite (acumulación líquido no abdome), encefalopatía, ou hemorraxia dixestiva, entre outras. A aparición de descompensación asóciase a un notable descenso da supervivencia.

Descríbóronse numerosos factores prognósticos clínicos nestes pacientes, como a deterioración da función hepática, o desenvolvemento de hepatocarcinoma (tumor maligno no fígado), ou a presenza de comorbilidades. Ademais, os factores sociais foron amplamente estudados tanto en poboación xeral como en pacientes con enfermidades crónicas como a hipertensión arterial, demostrando ter valor prognóstico e impacto na supervivencia.

### **Nova escala de avaliación do risco**

Por outra banda, neste estudo a autora desenvolveu unha escala adaptada e abreviada de medición de factores psicosociais baseada na escala validada SIPAT, e denominada "SIPAT-11". Esta enquisa valora os seguintes aspectos: apoio sociofamiliar, o estilo de vida, a adecuación á contorna e a preparación ou afrontamento da enfermidade.

### **O apoio social impacta na supervivencia**

Entre as conclusións desta investigación cabe subliñar que "os aspectos psicosociais xogan un papel na supervivencia dos enfermos con cirrose hepática, polo que deberían implementarse medidas para a súa detección, análise e, no caso correspondente, unha intervención. Un apoio social adecuado asóciase a unha maior supervivencia, independentemente doutros factores clínicos, como a idade, a función hepática ou a presenza hepatocarcinoma", asegura a doutora Natalia García.